

Estimadas familias:

O próximo día 23 de febreiro celebraremos o Día de Rosalía e, como cada ano, solicitamos a vosa colaboración para encher de “festa” un mural conmemorativo desta data colocado na entrada do cole e facer unha montaxe coas fotos que nos enviades.

Animámosvos a que leades o manifesto deste ano da AELG. O lema elixido é #oamordapatriagalega

Basándonos no poema “*Has de cantar*” de Cantares Gallegos queremos que nos amosedes o voso amor por Galicia a través das nosas festas, os nosos bailes, as nosas músicas, ...

O que vos pedimos desta vez é unha imaxe (foto-debuxo, en tamaño A5 ou A4 máximo) na que as familias saíades “ en festas populares, de foliada, bailando, cantando,...”. Botádelle imaxinación, coma sempre. Deberedes envalas por correo electrónico á: [bibliotecalamas@gmail.com](mailto:bibliotecalamas@gmail.com)

O 23 de febreiro será o derradeiro día para recibir as imaxes. Un ano máis, animádevos a participar e moitas grazas pola vosa colaboración.

*Que feira, rapaza,  
si cantas faremos...!  
Festiña por fóra,  
festiña por dentro.*

*Con son da gaitiña,  
co son da pandeira,  
che pido que cantes,  
rapaza morena.*

(Rosalía de Castro).

Saúdos,

Equipo de biblioteca

